



ANPA C.E.I.P. Vilaverde – Mourente

Rúa Vilaverde 9, Mourente

36164 PONTEVEDRA

Teléfono [REDACTED] / 690731207

Web: anpavilaverde.org

Email: info@anpavilavede.org anpaosvalados@gmail.com

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

D. Javier Sánchez Sobral con DNI [REDACTED] presidente da Asociación de Nais e Pais de Alumnos “OS VALADOS” do CEIP Vilaverde – Mourente de Pontevedra, inscrita no rexistro de asociacións do Concello de Pontevedra co número 193, con teléfono [REDACTED] e domicilio a efectos de notificación na [REDACTED] Pontevedra, no meu propio nome e o da asociación que represento

EXPOÑO:

Que unha vez comezado o curso, apareceron uns sinais restrinxindo o tráfico nun tramo da rúa Vilaverde que vai dende o lavadoiro situado na rúa Ángel Limeses ata o número 18B da rúa Vilaverde. Corresponde co tramo coloreado de amarelo no plano do ANEXO I. Estes sinais restrinxen o tráfico a todos os vehículos excepto aos residentes. Inclúense imaxes dos sinais no ANEXO II.

A ANPA e a dirección do centro descoñecen as motivacións que puideron levar ao Concello a establecer tal medida.

Que no tramo especificado dunha lonxitude aproximada de 300 metros, soamente existen dúas vivendas (senaladas no plano).

Restrinxir a circulación soamente aos residentes supón de facto a privatización deste tramo da rúa, favorecendo as dúas vivendas que teñen o acceso a través do tramo, fronte as 350 familias do CEIP Vilaverde, que facían uso ocasional de dito tramo.

Ese tramo da rúa era utilizado por parte da comunidade do CEIP Vilaverde para acceder ao centro educativo, porque a alternativa por parte das familias e traballadores que acceden dende a Rúa Angel Limeses, supón un recorrido adicional duns 1100 metros a través da rúa do Porrelo.

A non utilización de ese tramo da rúa, tamén supón unha mingua en máis do 50% das prazas de aparcamento dispoñibles para as familias de alumnos do centro cando acoden ao centro educativo, xa que gran parte do espazo dispoñible está reservado para o bus escolar.

A utilización por parte das familias producíase soamente nun intervalo de 15 minutos á entrada e á saída das clases. Fora de ese horario, as familias facían uso do tramo os martes alenos durante unha hora que duraban as titorías.

No Consello Escolar celebrado o día 11 de outubro, TODOS os membros mostraron o seu rexeitamento ás restricións expostas.

Numerosas familias acudiron á ANPA e a dirección do centro expoñendo o seu malestar pola colocación dos sinais.

Por todo elo, **SOLICITO:**

1. Que se eliminen os sinais, e por tanto a prohibición de acceso á rúa mencionada nos dous extremos.
2. Que no caso de non ter sido o Concello o que colocou ditos sinais, se inicie unha investigación de cara a impoñer a sanción correspondente de acordo a lexislación vixente.

Pontevedra, 13 de outubro de 2016

D. Javier Sánchez Sobral

Presidente da ANPA "Os Valados"



AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA



ANPA C.E.I.P. Vilaverde – Mourente

Rúa Vilaverde 9, Mourente


36164 PONTEVEDRA

Teléfono [REDACTED] / 690731207

Web: anpavilaverde.org

Email: info@anpavilaverde.org anpaosvalados@gmail.com

ANEXO I: PLANO DE SITUACIÓN





ANPA C.E.I.P. Vilaverde – Mourente

Rúa Vilaverde 9, Mourente

36164 PONTEVEDRA

Teléfono [REDACTED] / 690731207

Web: anpavilaverde.org

Email: info@anpavilavede.org anpaosvalados@gmail.com

ANEXO II: IMAXES DOS SINAIS





ANPA C.E.I.P. Vilaverde – Mourente

Rúa Vilaverde 9, Mourente

36164 PONTEVEDRA

Teléfono [REDACTED] / 690731207

Web: anpavilaverde.org

Email: info@anpavilavede.org anpaosvalados@gmail.com

